



## CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

**EXPEDIENTE 2026/E001/000005. Selección de persoal laboral temporal, mediante concurso, dun/ha traballador/a social. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) para o financiamento do POS+ Adicional 1/2026 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2026.**

### **Puntuacións definitivas proceso de selección.**

O 2 de xuño de 2026, procedeuse a baremación da fase de concurso do proceso de selección realización do proceso de selección dun/ha traballador/a social a xornada completa durante 6 meses, e a publicación da acta do Tribunal onde consta a citada baremación.

Abriuse un prazo de 2 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación de dita baremación para que as persoas aspirantes que o consideren oportuno puideran presentar reclamación ante o propio tribunal. Á vista das reclamacións presentadas, e realizadas, no seu caso, as oportunas correccións á baremación inicialmente asignada a cada aspirante, o tribunal procederá á publicación da baremación definitiva da fase de concurso.

Transcorrido o citado prazo, consta a aportación de documentación por parte da aspirante Elena Carolina Matilla Vázquez (\*\*6200\*\*); contratos de traballo, certificados de servizos prestados e vida laboral.

A Base 7ª das Bases que regulan o procedemento de selección establece de xeito textual o seguinte:

***Os méritos das persoas aspirantes, valoraranse de acordo co baremo establecido nos apartados seguintes. O tribunal non poderá valorar o non alegado e probado polas persoas aspirantes nos documentos achegados no momento de presentar a solicitude para a admisión ás probas selectivas.***

**Ao abeiro do anterior non procede a valoración dos méritos aportados pola persoa aspirante Elena Carolina Matilla Vázquez (\*\*6200\*\*), polo que se elevan a definitivas as puntuacións que constan na Acta do Tribunal de 2 de xuño de 2026 e a proposta de contratación e formación da lista de reserva que consta na citada acta.**

**A persoa aspirante proposta, Rivas Nogueira Graciela, achegará no prazo máximo de 10 días naturais, contados a partir da publicación da lista de aprobados no taboleiro de edictos, os documentos previstos na Base 12 que rexe o proceso de selección.**

Touro na data da sinatura electrónica á marxe

José López González, secretario-interventor